



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (29/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e vinte minutos do día vinte e oito de agosto de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dez horas e trinta minutos.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 8 de agosto de 2025
2. Concesión de axuda ao fomento da natalidade
3. Aprobación da liquidación do programa xantar na casa correspondente ao segundo trimestre de 2025
4. Solicitud de devolución taxa por dereitos de exame

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 8 DE AGOSTO DE 2025

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 8 de agosto de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección por UNANIMIDADE dos presentes.

2. CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente, da documentación acreditativa achegada, das comprobacións realizadas, e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Xunta de Goberno Local do día 28 de agosto de 2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

Unha vez examinada a solicitude presentada no Rexistro de Entrada deste Concello o 21-07-2025, núm. 202500000000445, que figura no expediente 2025/A003/000002, e a documentación que se lle achega para xustificar o cumprimento dos requisitos para a concesión das axudas para o fomento da natalidade que establece a ordenanza municipal vixente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Conceder a axuda que establece a Ordenanza municipal reguladora do fomento da natalidade do Concello de Monfero, aprobada polo Pleno da Corporación o 25 de outubro de 2011 e publicada no BOP núm. 247, correspondente ao día 29 de decembro de 2011, ao nacemento ao que se refire o expediente núm. 2025/A003/000002, por importe de 1.500,00 euros, e proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo beneficiario. O nome e apelido do/a nado/a, que, entre outros datos, non se fai constar neste acordo para respectar o dereito á intimidade e á protección de datos, por considerar que non é estritamente necesario, responde as seguintes iniciais: M.L.F.

En Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

3. APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PROGRAMA XANTAR NA CASA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre o requirimento recibido coa liquidación do servizo do período indicado, sobre a documentación que o acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello, sobre o informe de intervención e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec 2025/S001/000095:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PROGRAMA XANTAR NA CASA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de examinar a liquidación da aportación económica municipal do servizo Xantar na Casa, correspondente ao segundo trimestre de 2025, e os xustificantes dos gastos e demais documentación xustificativa presentada pola Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, así como o informe da Traballadora Social do Concello, Patricia Martínez Lago, que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, sen obxeccións sobre o servizo prestado, e considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que están realizadas e en beneficio da veciñanza e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á liquidación do servizo Xantar na Casa, núm. 709, de data 11 de agosto 2025 , por importe de 2.948,40 €, correspondente a 1.512 xantares subministrados a persoas usuarias do servizo deste Concello do segundo trimestre de 2025 e recoñecer e liquidar a obriga correspondente ao dito gasto e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a súa contabilización con cargo a aplicación orzamentaria 2025.231.45000

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4. SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN TAXA POR DEREITOS DE EXAME

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre o contido da ordenanza fiscal de aplicación e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Punto: SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN TAXA POR DEREITOS DE EXAME

Logo de examinar o escrito presentado por D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA ROCA en data 26/08/2025, con número de rexistro de entrada 202500000000496, no que solicita a devolución das taxas por dereitos de exame satisfeitas por ela mesma, para a participación de Rizwan Gill na convocatoria para a contratación laboral temporal dun peón e un oficial albanel ao abeiro do Plan de Emprego Local da Deputación Provincial da Coruña (PEL Concellos 2025), anunciada no Boletín Oficial da Provincia n.º 63, do 2 de abril de 2025.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Considerando o indicado no artigo 2 da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por dereitos de exame do Concello de Monfero (BOP nº 34, do 18/02/2022) dise: *“Constitúe o feito impoñible da taxa, a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal funcionario e laboral **entre os que soliciten participar como aspirantes** en probas de acceso ou promoción ás escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas por este concello”;* *“Cando, por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e administrativa a que se refire o parágrafo anterior non se realice, procederá a devolución do importe correspondente” e **considerando que non se produciu o feito impoñible**,* dado que non se presentou ningunha solicitude de participación no citado proceso selectivo a nome de Rizwan Gill .

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aceptar a solicitude presentada por D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA ROCA e aprobar a devolución da cota satisfeita da taxa de dereitos de exame para participar na convocatoria para a contratación laboral temporal dun peón e un oficial albanel ao abeiro do Plan de Emprego Local da Deputación Provincial da Coruña (PEL Concellos 2025), por importe de 12,50 €
- 2.- Proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta que facilita a interesada.
- 3.- Notificar este acordo á interesada

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certífico.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos